

## O artigo definido nas locucións verbais

*Maria Álvarez de la Granja*

Universidade de Santiago de Compostela

O obxectivo deste traballo é analiza-la xustificación da alta frecuencia de fixación do artigo definido nas locucións verbais galegas. Chamo locución verbal a toda expresión pluriverbal, polilexical que equivale funcional e semanticamente a un verbo, e que, fronte ós predicados complexos, constituídos por un verbo soporte ou funcional e un substantivo argumental (tipo *dar aviso* ou *fazer mención*), non parece seguir un proceso de formación regular e productivo. Son locucións verbais galegas expresións como *mete-lo zoco* ‘equivocarse, facer ou decir algo que non se debía’, *chamar ós pés compañeiros* ‘fuxir’ ou *face-las beiras* ‘cortexar, namorar’. A maior parte das locucións verbais (aínda que non todas) teñen carácter figurado.

O corpus de traballo está constituído por 850 locucións verbais galegas extraídas de diversos textos orais e escritos de moi variado tipo. Nese conxunto de expresións fixáronse 806 substantivos. Estas son as porcentaxes de fixación dos distintos determinantes a carón de tales substantivos (no caso de que un mesmo substantivo vaia acompañado de varios determinantes, compútase cada un deles por separado):

DETERMINANTE	PORCENTAXE
Artigo definido (o)	61'53
Ø <sup>1</sup>	34'61
Numeral	2'35
Artigo indefinido (un)	1'98
Identificador	1'11
Posesivo	0'99
Cuantificador	0'86
Interrogativo	0'11
Demostrativo	0'11

Debe terse en conta que nalgúns casos o determinante é variable. A forma analizada é a forma canónica: escollo como determinante o que aparece na forma de enunciación máis simple, coa mínima dependencia contextual. Esencialmente, a forma proposta coincide coa empregada polos diccionarios na formulación das locucións (así, a forma canónica é *facer fincapé* ‘insistir’ e non *facer más fincapé*).

<sup>1</sup> O símbolo Ø non ten aquí ningunha implicación teórica. Non estou postulando a existencia dun determinante cero, no canto da simple ausencia de determinante.

Nos poucos casos nos que existen distintas variantes canto á determinación que non implican cambio de significado (*non quedar outro / más remedio* ‘non quedar outra solución’) analizo a variante que recollo no corpus, ou ben, se todas están rexistradas, a máis frecuente nel.

Como doadamente se pode observar, o artigo definido é maioritario. O 61'53% dos substantivos fixados nas locucións verbais van introducidos por un artigo definido na forma canónica. O que me interesa descubrir é se a presencia deste determinante nas locucións verbais se pode explicar recorrendo ós mesmos principios que regulan o funcionamento do artigo definido no discurso libre ou se é necesario postula-la existencia de procesos determinativos propios e exclusivos das locucións verbais.

No discurso libre o artigo definido ten fundamentalmente unha función pospresentadora. Serve para introducir entidades que xa antes foron presentadas, coñecidas por emisor e receptor (“deille un anel e un disco, pero *o anel* non lle gustou”). Agora ben, se acudimos á tipoloxía de empregos do citado determinante no discurso libre, descubrimos que, en boa parte dos casos nos que se utiliza, non é necesaria a mención previa do concepto introducido por el, dado que, por diversos motivos, a entidade denotada xa é coñecida polo falante e o oínte, xa está identificada.

Partindo da hipótese de que os esquemas formativos das locucións, canto á determinación, obedecen ás regras de funcionamento do discurso libre, parece necesario acudir a ese tipo de usos (que non requieren a previa mención do concepto introducido polo artigo) para poder explicar a fixación deste nas locucións: repárese en que cando alguén empregou figuradamente, por primeira vez, as locucións *da-lo pasaporte* ‘matar’ ou *empina-lo cóbado* ‘beber’ non houbo, con toda seguridad, mención previa de ningún pasaporte ou cóbado e, sen embargo, as expresións deberon ser comprendidas, non debeu haber dificultades para o descubrimento do referente, un referente que, dado o determinante empregado, debía estar perfectamente identificado<sup>2</sup>.

Para confirma-la miña hipótese seguirei a clasificación de Carme Hermida (1989). Procurarei xustifica-lo emprego do artigo definido nas locucións do corpus a partir das razóns que expón a autora para o uso do citado determinante no discurso libre como presentador en primeira mención<sup>3</sup>:

<sup>2</sup> Non estou afirmando que as frases nominais das locucións citadas sexan referenciais, no sentido de que, no seu emprego habitual dentro da locución, designen entidades do mundo extralingüístico (aínda que, como veremos, nalgúns casos si poidan facelo). Isto é, cando usámolo las locucións *da-lo pasaporte* ou *empina-lo cóbado* non hai referencia a un *pasaporte* ou a un *cóbado* concreto, pero para comprender-la figura (o que é fundamental para que se espalce pola comunidade), os falantes deben entender que o *pasaporte* ou o *cóbado* pertencen ó individuo que figura como SUX da expresión.

<sup>3</sup> Vid. Fellbaum (1993) para unha xustificación da fixación do artigo definido en expresións inglesas semellante á miña, aínda que non exactamente coincidente.

## Razóns contextuais:

### *Contexto extraverbal:*

– *Cultural*: Certos elementos identifícanse polo noso coñecemento da realidade cultural galega: *botar as campás a voar* ‘celebrar algo antes de tempo’, *levar á vigairía* ‘casar’... Situándonos no momento de creación das locucións, todos comprenderíamo-lo referente literal, requisito para comprende-la figura e para o uso do artigo: “as campás” son as da igrexa do lugar, “a vigairía” é a máis próxima a aquel de quen se fala. E todos saberíamos isto porque coñecémo-la nosa realidade cultural, onde as aldeas e lugares teñen igrexas con campás e onde hai vigairías con poder sobre certos territorios.

– *Natural*: Outros elementos identifícanse polo feito de designaren seres únicos: *pasar o sol pola porta* ‘pasa-la idade de casar’, *tentar o demo* ‘senti-la tentación’...

– *Empírico*: Algúns elementos identifícanse ó seren reconecidos polos falantes como pertencentes a un lugar ou momento concretos, pero sen necesidade de que os *denotata* estean realmente presentes: *haber mouros na costa* ‘haber alguén que non debe oír ou ve-lo que se di ou fai’, *non chegar o sangue ó río* ‘non haber consecuencias graves’... Trátase da costa ou río existentes no lugar sobre o que se fala ó menciona-la locución.

– *Situacional*: Uso esta etiqueta, no canto da proposta por Hermida (contexto físico), porque quero dar cabida aquí, non só a “todas aquelas cousas que están á vista dos participantes no discurso” (1989: 123), senón a todas aquellas cousas, persoas, feitos... presentes na situación de enunciación. Só así se pode mencionar aquí a locución *deixar coa palabra na boca* ‘marchar cando [outro] está falando’, na que o substantivo *palabra* ten un referente determinable a partir da situación concreta de enunciación.

*Contexto verbal*: O substantivo leva ó seu pé unha modificación que restrinxé a súa denotación ata o punto de individualizala e dar lugar á aparición do artigo definido: *comer o pan que o demo amasou* ‘paga-las propias culpas’, *ir para onda o galo do campanario* ‘morrer’... En certos casos a complementación pertence ó discurso libre: o substantivo esixe para a súa aparición no discurso un elemento libre que complete o seu sentido: *levar as rendas* ‘dirixir’, *facer as delicias* ‘agradar moito’...

- (1) José María Aznar ten que demostrar na súa intervención que *leva ben as rendas do asunto autonómico* (...) (*O Correo Galego*, 1152, 11-3-1997, p. 6).

*Campo de sentido*: a convención do contexto verbal e extraverbal (cultural e/ou natural) pode facer que a referencia de determinada unidade, non mencionada previamente, estea claramente identificada e, consecuentemente, sexa perfectamente recoñecible. Temos tres tipos de campos de sentido:

– *Da inclusión*: Fórmase entre o todo e as partes. Os elementos que designan as partes identifícanse pola súa vinculación cun todo concreto, que pode estar fixado ou non (normalmente non o está), pero que se fai presente ó emprega-la expresión no discurso. Esa vinculación, cultural ou natural, é coñecida por tódolos falantes da lingua en cuestión. Na maioría dos exemplos deste tipo encontramos partes do corpo: *virar as costas* ‘nega-lo apoio ou a confianza’, *darse cun canto nos dentes* ‘conformarse [cando o que sucede non é tan negativo como se agardaba]’, *verlle as orellas ó lobo*<sup>4</sup> ‘darse conta dun perigo ou dificultade’, *meter polos ollos* ‘gaba-las calidades de [algo ou alguén]’... O todo non fixo maniféstase case sempre en unidades valenciais, nomeadamente no SUX e no OI (“*Luís virouelle as costas á realidade*”, “*meteuille polos ollos a viaxe a Ana*”). Deste xeito, o contexto individualiza a referencia de cada unha das partes do corpo (estamos ante as costas de Luís ou ante os ollos de Ana), de modo que é posible usa-lo artigo definido. Encontramos tamén outros elementos inalienables: *chegar á alma* ‘provocar un fondo sentimento’, *sacar as cores* ‘avergonzar, ruborizar’, *gardar o tipo* ‘conserva-la serenidade’... Nalgúns casos, o todo non é animado: *abrir as portas* ‘dar facilidades’, *ter a tixola polo mango* ‘te-lo poder de decisión’...

– *Da pertenza*: Fórmase entre o posuidor (fixado ou non) e os elementos posuídos, identificados pola presencia daquel no discurso: *non chegar a camisa ó corpo* ‘estar moi intranquilo’, *varrer para a casa* ‘actuar buscando o beneficio propio’, *parar o carro* ‘deixar de facer ou dicir o que se estaba facendo ou dicindo’... De novo, o posuidor non fixo adoita aparecer en posicións valenciais (“*Vós varredes para a casa*”, “*Pedro parou o carro*”)...

– *Da acción*: “os conceptos posteriores aparecen individualizados porque se refiren ó estado, momento ou cousas necesarias para o desenvolvemento da acción que anteriormente se mencionou” (Hermida 1989: 129). No único exemplo do corpus ó que se pode aplicar esta etiqueta (*poñer o grito no ceo* ‘mostrar grande indignación’), o concepto singularízase por presentarse como consecuencia dunha situación verbalizada ó seu pé (ou xa coñecida polo oínte). Compárese (2) co enunciado libre de (3):

- (2) Cando descubriu que o enganaran *puxo o grito no ceo*.
- (3) Onte pisei sen querer a teu curmán. *O grito oíuse na Conchinchina.*

Por suposto, no uso actual da locución, a causa pode mencionarse despois da aparición da locución. É o que sucede no exemplo do noso corpus:

- (4) (...) líderes republicanos de EEUU *puxeron o grito no ceo* pola decisión do fiscal xeral, Janet Reno, de non nomear un fiscal independente (*O Correo Galego*, 1187, 16-4-1997, p. 19).

---

<sup>4</sup> Nótese que aquí o todo (*lobo*) si está fixado.

## Razóns semánticas:

*Mención á clase:* O substantivo remite, non a un ente individualizado, senón a toda a clase: *mirar a peseta* ‘pensalo moito antes de facer un gasto’, *facer o amor* ‘ter relacións sexuais’, *tirarse ó monte* ‘romper coas normas establecidas’...

*Mención da totalidade:* Neste caso non se menciona a clase directamente, senón a través do conxunto de elementos que a integran: *abrandar as pedras* ‘provocar unha gran compaixón’, *atar os cans con longainzas* ‘ter grande prosperidade’...

En tódolos casos presentados, que supoñen máis do 85% dos usos do artigo definido, para a comprensión do significado literal e para a determinación do referente literal non é precisa a mención previa do substantivo introducido polo artigo, nin a presencia do referente no contexto de enunciación (agás no caso da expresión *deixar coa palabra na boca*). Como vimos, o receptor é quen de establecer cál é o *denotatum* dos substantivos introducidos polo artigo, de xeito que a expresión resulta, desde este punto de vista, comprensible para quen a escucha. O coñecemento do referente por parte de emisor e receptor xustifica, precisamente, o uso do artigo definido.

Agora ben, o emprego do artigo definido pode explicarse así en máis dun 85% dos casos, ¿que sucede co 15% restante?<sup>5</sup> En locucións como *gañar a partida* ‘gañar unha disputa ou confrontamento para conseguir algo’, *poñer o dedo na chaga* ‘sinala-la verdadeira orixe dun mal’, *pagar os pratos rotos* ‘sufrir inxustamente as consecuencias negativas [de algo]’, *dar volta á tortilla* ‘cambiar unha situación’, *devolver a pelota* ‘rebate-lo argumentado por outro [con argumentos similares]’, *romper o xeo* ‘facer desaparece-la frialdade ou a reserva’, *matar o mensaxeiro*

<sup>5</sup> Mendivil Giró (1999: 227) sinala que en ó redor do 55% das locucións do castelán con artigo definido, a fixación deste determinante non se pode explicar polas propiedades da expresión literal (nestes casos, postula, como veremos, a existencia dun artigo xenérico). A porcentaxe é moi menor, como vimos, no galego. Resulta estraña esta diverxencia se considerámo-la proximidade de ámbalas linguas. Agora ben, algunas das locucións que para Mendivil se sitúan dentro dese 55% teñen, para min, unha explicación desde o sentido literal (*ceñirse la corona*, *coger la puerta*, *desceñirse la espada*, *echar el anzuelo*, *morder el anzuelo*, *echar la casa por la ventana* e, tal vez, *empuñar el bastón*) (case o 40% das locucións coas que exemplifica. Queda ó redor dun 15% inicialmente sen xustificar, cifra coincidente coa que eu atopo para o galego). Debe terse en conta que o feito de poder explicar, desde o sentido literal, o emprego do artigo definido non implica que este sexa o único determinante posible (para o sentido literal), senón, simplemente, o máis habitual. Como sinala o propio Mendivil, é posible dicir, por exemplo, “morder un anzuelo” (o que o inclina a situá-la expresión dentro dese 55% sinalado). Para min, sen embargo, esa posibilidade non me leva a descartala expresión do grupo de locucións cun determinante explicable desde o significado literal. Nótese que quen creou a locución fixo unha animalización, comparando un individuo cun peixe. E as troitas ou os salmóns “muerden el anzuelo”, non “muerden un anzuelo”. Por outra banda, determinantes que o autor explica desde o significado literal tamén admiten a substitución: *parar el carro*, *levantar la mano*, *meter la pata...*, co que non parece que o criterio da comutación estea aplicado rigorosamente.

'castiga-la persoa que informa dunha mala nova' ou *levantar a lebre* 'descubrir algo oculto' parece imposible que o receptor determine cál é o referente do substantivo se non é a través do contexto verbal ou situacional que acompaña a mención da expresión. Compárense estes dous grupos de enunciados (póngase sempre no significado literal):

- (5) Ana *non ten papas na boca*.
- (6) A Antía xa lle *pasou o sol pola porta*.
- (7) Nesta vila non *atamos os cans con longaíñas*.
  
- (8) Acabas de *poñe-lo dedo na chaga*.
- (9) Rosa *devolveulle a pelota* a Ana.
- (10) Luís *deu volta á tortilla*.

Os referentes das entidades que figuran en (5), (6) e (7) (nos casos en que se pode falar propriamente de referencia) son recoñecibles para calquera falante de galego. Non é precisa a mención previa dos conceptos codificados neses enunciados nin é preciso recorrer ó contexto situacional para a súa comprensión. En (8), (9) e (10), pola contra, nada permite saber en principio de qué *chaga*, *pelota* ou *tortilla* se fala. O referente non parece recuperable polo receptor. ¿Por que se usa entón o artigo definido?

Mendivil Giró (1999: 224-240) considera que o artigo definido de expresións como as que acabamos de ver é en realidade un artigo xenérico ("determinante expletivo"). A súa presencia explicaríase pola carga de arreferencialidade implícita no seu emprego. Dado que, nesas locucións, os substantivos *chaga*, *pelota* ou *tortilla* non son en realidade referenciais (cando se utilizan as expresións non hai por ningún lado chagas, pelotas ou tortillas) emprégase un determinante caracterizado pola súa capacidade para designar clases, caracterizado por poder carecer de referencia definida.

Na miña opinión, non é preciso recorrer a unha explicación deste tipo, que implica que unha boa parte das locucións verbais seguen un proceso formativo *ad hoc* (repárese en que nas correspondentes expresións literais o artigo xamais se entendería como xenérico). Vexámo-las tres locucións anteriores nun contexto verbal máis amplio:

- (11) – Eu creo que o que lle pasa a ese cativo é que ten celos de seu irmán.  
– Efectivamente, acabas de *poñe-lo dedo na chaga*.
- (12) Rosa quixo convencerme de que Luís non me conviña, pero *devolvinlle a pelota* convencéndoa de que era xusto a ela a quien non lle conviña.
- (13) Parecía que todo ía saír mal, pero ó final, Luís *deu volta á tortilla*.

Imaxinemos agora que eses contextos corresponden ós da primeira vez que se enunciaron as expresións. ¿Os substantivos *chaga*, *pelota* e *tortilla* son arreferen-

ciais? É evidente que non designan chagas, pelotas nin tortillas, pero este feito non implica necesariamente que carezan de referencia. Compárese con (14):

- (14) A morte do seu pai fora moi dura. *A ferida* tardou en sandar.

Parece claro que en (14) *ferida* non designa ningunha ‘lesión nos tecidos dun ser vivo’, pero o feito de que se empregue figuradamente non implica que non teña referente (pola contra, ten un claro referente, iso si, de carácter abstracto, figurado). O mesmo pode ser afirmado verbo dos substantivos que componen as expresións arriba mencionadas: a *chaga* é ‘a verdadeira orixe dun mal’, a *pelota* é ‘o argumentado [por outra persoa]’ e a *tortilla* é ‘a situación’. Pero, ¿por que se emprega o artigo definido?

Estamos ante referentes figurados claramente definidos: o referente varía en cada uso da locución e pode coñecerse a partir do contexto verbal e/ou situacional que acompaña a enunciación. O emprego do artigo definido obedece, pois, a un uso normal e frecuente no discurso libre. A proba máis evidente deste feito é que, ó substituí-las unidades figuradas por expresións literais de significado semellante, o artigo mantense:

- (11') – Eu creo que o que lle pasa a ese cativo é que ten celos de seu irmán.  
– Efectivamente, acabas de acertar *coa* verdadeira orixe do mal.
- (12') Rosa quixo convencerme de que Luís non me conviña, pero rebatín *a* argumentación convencéndoa de que era xusto a ela a quen non lle conviña.
- (13') Parecía que todo ía saír mal, pero ó final, Luís inverteu *a* situación.

Nótese tamén, de por parte, que a mención das locucións citadas sen un contexto verbal ou situacional clarificador, resulta estraña e require unha aclaración do emisor:

- (15) Luís puxo o dedo na *chaga*.
- (16) Eu devolvínlle *a* pelota a Elsa.
- (17) Rosa deu volta á *tortilla*.

Un oínte descoñecedor da situación que orixina a enunciación de (15), (16) e (17) deberá interrogar ó emisor para poder comprender na súa totalidade o que este lle está a decir. O certo é que o oínte terá as mesmas dificultades que lle xurdirían se as expresións tivesen sentido literal e descoñecese de qué *chaga*, *pelota* e *tortilla* lle están a falar. Compárese con (18), (19) e (20), onde, ou non aparece o artigo definido, ou a xustificación da súa presencia é doutro tipo (*irse os ollos* ‘ollar con desexo’, *botar flores* ‘eloxiar’, *atar os cans con longainzas* ‘ter grande prosperidade’):

- (18) A Luís váselle os ollos tralas morenas.
- (19) Botáronnos flores a todos.
- (20) En Valdamor non atan os cans con longaízas.

Repárese en que, tanto no sentido idiomático (figurado) como no literal, abonda con coñece-lo significado das unidades que conforman estes enunciados (pluriverbais ou monoverbais) para a súa comprensión total.

Contrariamente ó sostido por Mendivil Giró (1999), coido que non estamos ante artigos xenéricos, senón ante artigos que introducen entidades con referentes perfectamente definidos. E esta mesma definición xustifica o uso do artigo definido.

Segundo vimos, na gran maioría das locucións con artigo definido fixado, a fixación deste determinante explícate regularmente: ben se trata do uso máis frecuente (ou do único posible) desde o punto de vista literal, ben o substantivo en cuestión ten un referente figurado claramente definido. As dúas posibilidades non se exclúen: a fixación do artigo definido en *buscarlle os tres pés ó gato* ‘buscar complicación nun asunto que non a ten’ pode explicarse por calquera dos dous camiños. Existen, con todo, unhas poucas locucións nas que resulta difícil xustificá-la fixación do devandito determinante (*pinta-la mona* ‘face-lo parvo’, *perde-los papeis* ‘perde-lo control da situación e de si mesmo’, *cubri-lo expediente* ‘facer só o indispensable nun labor’, *face-la pelota* ‘adular’, *face-lo xogo* ‘contribuír a que [alguén] consiga algo reprobable’, *da-lo pao* ‘asaltar’, *darse o lote* ‘cotifarse, darse bicos’, *da-lo calo* ‘traballar’, *da-la lata* ‘molestar, amolar, aburrir’, *face-la américa* ‘facer un bo negocio, enriquecerse’ e *face-lo agosto* ‘facer un bo negocio, enriquecerse’). Repárese, con todo, en que unha boa parte destas locucións ten unha orixe escura. Creo que antes de postula-la existencia dun “determinante fraseolóxico xenérico”, baseándose en expresións como estas últimas (cuantitativamente moi pouco significativas), cómpre facer un estudio más detido da orixe das locucións que desbote a posibilidade de que a presencia do artigo definido se poida xustificar a partir das regras da determinación no discurso libre.

Ata agora procurei mostrar cómo a fixación do artigo definido se pode explicar recorrendo ás características da expresión literal ou do proceso metafórico propio de certas locucións, pero non expliquei o porqué da maioritaria fixación do artigo definido, o porqué da presencia de locucións que requiren este artigo e o porqué da preferencia deste determinante sobre outros tamén possibles nas mesmas expresións.

A existencia de locucións metafóricas con elementos referenciais figurados é perfectamente esperable de acordo co carácter figurado de boa parte das unidades fraseolóxicas. De por parte, a presencia do artigo definido (fronte a outros determinantes) é tamén lóxica. Dado o carácter definido do referente (establecido contextualmente), o artigo definido é o máis axeitado ou o único posible: do mesmo xeito, en (11'), (12') e (13'), onde se conteñen paráfrases das locucións metafóricas, os substitutos literais dos substantivos figurados só admiten o citado determinante.

Podémonos preguntar por qué non se fixou un demostrativo (que tamén ten carácter definido), pero este determinante, fronte ó artigo, ten dúas desvantaxes á

hora de fixarse en locucións: en primeiro lugar, require a presencia explícita do referente no contexto (de aí que non sexa posible en (11'), (12') e (13')). Compárese con (13''):

- (13'') Rosa quixo convencerme de que Luís non me conviña dicindo que tiñamos caracteres opostos e moita diferencia de idade, pero rebatín *esta* argumentación convencéndoa de que era xusto a ela a quen non lle conviña<sup>6</sup>.

En segundo lugar, os demostrativos teñen unha inherente función localizadora, que obriga á variación nos distintos contextos de enunciación (*este*, *ese*, *aquel*).

Máis dificultades xorden á hora de explica-las restantes locucións, nas que as frases definidas non teñen *referentes figurados*. ¿Por que se fixan tantas expresións para as que, no sentido literal, o artigo definido é o máis axeitado? Se analizámolas locucións descubrimos unha maioritaria presencia de substantivos designadores de partes do corpo humano (en 178 expresións atopamos tal tipo de substantivos<sup>7</sup>). Sabemos, ademais, que, dada a existencia dun campo de sentido da inclusión, estes substantivos adoitan ir acompañados de artigo definido. Así, a pregunta arriba formulada transfórmase nestoutra: ¿por que se fixan tantos substantivos designadores de partes do corpo humano?<sup>8</sup> Luque Durán / Manjón Pozas (1998: 143) afirman que al parecer, en todas las lenguas del mundo existe una estructuración de nuestra experiencia directamente vinculada al cuerpo humano y a la manera en que este interactúa con el entorno. (...). El cuerpo humano, al parecer, es la inmediata referencia que tienen las personas para medir el mundo y medirse con el mundo.

Así pois, estructurámo-la nosa realidade antropocentricamente e, como consecuencia, estructuramos tamén as linguas dese mesmo modo, situando os seres humanos no epicentro (de aí que dunha empresa que vai mal digamos que *vai de cu* ou de aí que lle *lavémo-la cara* a algo que melloramos superficialmente).

Pero ademais, e sobre todo, para poder explicar a frecuente presencia de partes do corpo humano nas locucións (e, en consecuencia, para dar conta da presencia de artigos definidos) debemos ter en conta o antropocentrismo *temático*. Como adoito se sinalou, tendemos a falar de nós mesmos e, despois, dos nosos conxéneres. Este

<sup>6</sup> Compárese: “collín o libro e quiteille a primeira folla”, “collín o libro e quiteille esa primeira folla”. A segunda oración só é posible se antes se falou dessa folla.

<sup>7</sup> As unidades fraseolóxicas que conteñen un substantivo designador dunha parte do corpo denomináñanse somatismos. Wojak (1988: 542) sinala que aproximadamente 3.000 expresións idiomáticas do alemán (dun total de 14.500) son somatismos. Sobre tal tipo de expresións, *vid.* Mellado Blanco (1999b) ou Forment Fernández (2000).

<sup>8</sup> “What are some of the favorite sources of imagery in modern idiom formation? They seem to include parts of the body –nouns such as hands, arms, feet, legs, the head, the eyes, the ears, and so on” (Makkai 1993: 320). O estudio de corpus realizado por Moon (1998: 76) sitúa os substantivos *mind*, *hand*, *head*, *heart* e *eye* entre as vinte unidades léxicas más usuais nas expresións fixas. Sobre a influencia do corpo no noso pensamento e nas nosas imaxes, *vid.* Johnson (1987).

antropocentrismo temático maniféstase claramente nas locucións verbais (e, en xeral, na linguaxe figurada). Como afirma Wotjak (1985: 217), as locucións verbais “sirven para caracterizar las cualidades morales, los estados de ánimo de los seres humanos, su comportamiento e interacción social”. Trátase de significados de carácter abstracto que expresamos mediante realidades concretas, pero precisamente a realidade á que adoito acudimos con tal fin é o corpo humano. Así, Dobrovolskij (*apud* Mellado Blanco 1999a: 355) sinala que para falarmos das nosas emocións e reaccións psíquicas debemos transpoñelas ó mundo visible e obxectivable das *reaccións físicas*. Mellado Blanco (1999a: 354), de súa vez, afirma que “el hombre se sirve de lo concreto más cercano a él, de su propio cuerpo, para hacer referencia a otros fenómenos más abstractos, generalmente con un fuerte contenido expresivo, que él asocia con actitudes, gestos o movimientos realizados con su cuerpo”. De aí que digamos *poña-los pelos de punta* ‘provocar moito medo ou desagrado’, *agacha-la cabeza* ‘mostrar conformidade ou sumisión’ ou *rompe-la cabeza* ‘facer grandes esforzos mentais’. Dobrovolskij (1992: 280) fala de sobre antropocentrismo, pois este universal fraseolóxico afecta tanto ó significado figurado das expresións idiomáticas como ó literal: falamos das *nosas* realidades abstractas a través das *nosas* realidades concretas.

O antropocentrismo (nas súas varias manifestacións) xustificaría, pois, a alta frecuencia de fixación de substantivos designadores de partes do corpo humano e, consecuentemente, a alta frecuencia de fixación do artigo definido. Con todo, aínda sen ter en conta nin estes substantivos, nin os metafóricos con referencia figurada definida contextualmente, continúa a haber unha considerable diferencia entre as porcentaxes de fixación do artigo definido e doutros determinantes. ¿Como se explica este feito?

En primeiro lugar, nun grupo de locucións atopamos cousificacións ou animalizacións dos seres humanos, de modo que certas partes do corpo humano son designadas figuradamente a través de obxectos ou de partes de animais: *zurra-la badana* ‘golpear [a alguén]’, *andar coa palla da albarda* ‘golpear [a alguén]’, *darlle ó veo* ‘falar’... Trátase dunha manifestación doutra tendencia xeral da linguaxe figurada (a transferencia desde o mundo animal ou desde o dos obxectos á esfera humana), unha tendencia de menor alcance cá que opera no sentido contrario (*vid. Ullmann 1966<sup>2</sup>[1963]*). Nestas locucións, os substantivos non designan *independente*mente partes do corpo humano (fronte ó que sucede en *engurra-lo bico* ‘mostrar desacordo engurrando a zona do nariz e boca’ ou *enche-los fociños* ‘facer perde-la paciencia’), polo que non se agruparon coas 178 expresións antes mencionadas. Con todo, podemos considera-los exemplos presentados como mostra de que a nosa experiencia se comprende mediante a remisión ó corpo humano, aínda que exista un proceso figurativo previo, unha comparación do corpo humano co corpo dun animal ou cun obxecto. En calquera caso, a presencia do artigo definido xustifícase perfectamente (dado que *veo* é unha metáfora por ‘lingua’, e dada a existencia dun campo de sentido da inclusión, diremos precisamente *darlle ó veo* e non, por exemplo, *\*darlle a un veo*).

En segundo lugar, Dobrovolskij (1992: 280) sinala que “as a rule the initial concept [o dominio fonte, o significado literal das unidades fraseolóxicas] cluster around names of parts of the body, articles of clothing, modes of human behavior, various situations of everyday life, familiar animals, etc.”. Luque Durán / Manjón Pozas (1998: 146) comentan que:

Próxima a las partes del cuerpo y a los movimientos elementales, y siempre en la tierra de nadie entre lo ontológico y lo cultural, existe un segundo círculo de realidades inmediatas que todos los pueblos reflejan en su lengua, como son los animales, objetos del entorno inmediato, realidades atmosféricas, etc.<sup>9</sup>

Na mesma liña, Luque e Manjón (1998: 147) engaden:

Junto a los animales, en una dimensión inmediata del hombre, existe su hábitat, los fenómenos naturales y los objetos más inmediatos de su cultura. Las realidades materiales tienen propiedades objetivas que, al ser universales, se prestan a ser fundamento de fraseologismos coincidentes en diferentes lenguas.

E xustamente ós obxectos e animais máis próximos ó home referímonos con moita frecuencia usando o artigo definido, por variados motivos: polo noso coñecemento do contexto cultural, pola combinación deste e do contexto verbal (campo de sentido), por tratarse dun emprego xenérico do determinante... Pénsese nos animais: *caer da burra* ‘decatarse dun erro’, *saír a porca mal capada* ‘levar un chasco’, *perder os estribos* ‘perde-la paciencia e o dominio de si mesmo’, *andar coa palla da albarda* ‘golpear [a alguén]’; nos medios de locomoción: *vender a moto* ‘convencer de facer algo que non é tan bo como se presenta’, *tirarse da moto* ‘actuar ou falar con desmesura ou esaxeración’, *parar o carro* ‘deixar de facer ou dicir o que se estaba facendo ou dicindo’; na casa e nas propiedades do home: *chamar á porta* ‘aparecer, acudir’, *tirar pola ventá* ‘desperdiciar, estragar’, *escorrentar o poleiro* ‘alterar, excita-los ánimos’, *ir para a pataqueira* ‘morrer’; nos obxectos que se teñen dentro da casa: *mexar fóra do penico* ‘dicir unha cousa sen vir a conto’, *tirarse os trastes á cabeza* ‘rifar e insultarse’; na roupa e adornos: *encher os petos* ‘enriquecerse’, *bater o zoco* ‘botar a correr’, *tirar o sombreiro* ‘mostrar admiración’, *non caer os aneis* ‘non perder dignidade, orgullo [por facer algo]’; na comida: *comer as papas na cabeza* ‘ser máis alto’, *non cocer o pan no corpo* ‘estar intranquilo’, *mamar co leite* ‘aprender nos primeiros anos de vida’; na aldea ou vila: *levar á vigairía* ‘casar’, *saír á rúa* ‘saír á venda ou poñerse a disposición do público’; na natureza: *poñer polas nubes* ‘loar moito’, *ver o ceo aberto* ‘encontra-la ocasión [para saír dun apuro ou conseguir algo]’, *ver a luz* ‘nacer’; no home na súa vertente máis social: *tocar a lotería* ‘ter sorte’, *ler a cartilla* ‘reprender ou criticar’; nas crenzas: *tentar o demo* ‘senti-la tentación’, *vender a alma* ‘renunciar ás propias conviccións morais [facendo algo despreciable]’. Esta última locución pode agruparse noutro conxunto de expresións, o daquelas nas que se

<sup>9</sup> “Another heavily favored area is that of animals and familiar elements of nature” (Makkai 1993: 320). Por outra banda, Dubský 1974 sinala, tralo seu estudio sobre locucións do castelán de Santiago de Cuba, que un 45% das expresións recollidas se relacionan, no sentido literal, coa vida do home en xeral e un 15% coa natureza.

fixaron substantivos que, sen designaren partes do corpo, fan referencia a entidades vinculadas cos humanos, só pensables en relación con seres animados: *sacar as cores* ‘avergonzar, ruborizar’, *quitar o sono* ‘preocupar’, *amolecer o siso* ‘aparvar’, *volver a vista atrás* ‘lembra ou pensar en sucesos pasados’, *pingar o moco* ‘chorar’, *caer a baba* ‘mostrar moito pracer [por causa de algo ou alguén que se quere moito]’, *tomar o pulso* ‘determinar cál é a opinión [de alguén] ou a situación [de algo ou alguén]’, *ler o pensamento* ‘adiviña-lo que pensa [alguén]’...

Así, a frecuencia de aparición do artigo definido nas locucións verbais explícase, sobre todo, polo tipo de realidades que se tenden a fixar nas unidades fraseolóxicas, realidades que, pola súa directa e inmediata vinculación co ser humano (antropocentrismo), adoitan ir acompañadas, no discurso libre, de artigo definido. O esquema formal que atopamos no discurso libre transmítese ó discurso repetido.

## Referencias bibliográficas

- Cacciari, C. / P. Tabossi (eds.) (1993): *Idioms. Processing, Structure and Interpretation*. Hillsdale, New Jersey: Lawrence Erlbaum.
- Dobrovolskij, D. (1992): “Phraseological Universals: theoretical and applied perspectives”, en M. Kefer / J. van der Auwera (eds.), *Meaning and Grammar. Cross-Linguistic Perspectives*. Berlin / New York: Mouton de Gruyter, 279-301.
- Dubský, J. (1974): “Estructuración semántica de modismos”, *Ibero-Americana Pragensia* VIII, 51-58.
- Fellbaum, C. (1993): “The Determiner in English Idioms”, en C. Cacciari / P. Tabossi (eds.), 271-295.
- Forment Fernández, M. M. (2000): “Universales metafóricos en la significación de algunas expresiones fraseológicas”, *Revista de Lingüística Española* 30, 357-381.
- Hermida, C. (1989): “Contribución ó estudio do artigo. A súa función”, *Verba* 16, 117-134.
- Johnson, M. (1987): *The Body in the Mind. The Bodily Basis of Meaning, Imagination, and Reason*. Chicago / London: University of Chicago Press.
- Luque Durán, J. de D. / F. J. Manjón Pozas (1998): “Tipología léxica y tipología fraseológica: Universales y particulares”, en J. de D. Luque Durán / A. Pamies Bertrán (eds.), *Léxico y fraseología*. Granada: Método, 139-153.
- Makkai, A. (1993): “Idiomaticity as a reaction to *L'Arbitraire du Signe* in the Universal Process of Semeio-Genesis”, en C. Cacciari / P. Tabossi (eds.), 297-324.
- Mellado Blanco, C. (1999a): “Imágenes asiduas del lenguaje figurado del alemán y el español: ¿un universal lingüístico?”, en L. Iglesias Rábade / P. Núñez Pertejo (eds.), *Actas del I Congreso de Lingüística Contrastiva. Lenguas y culturas*. Santiago: Universidad, 353-360.
- Mellado Blanco, C. (1999b): *Los somatismos del alemán: semántica y estructura* [Microficha]. Salamanca: Universidad.
- Mendivil Giró, J. L. (1999): *Las palabras disgregadas: sintaxis de las expresiones idiomáticas y los predicados complejos*. Zaragoza: Prensas Universitarias de Zaragoza.

- Moon, R. (1998): *Fixed Expressions and Idioms in English. A Corpus-Based Approach.* Oxford: Clarendon Press.
- Ullmann, S. (1966<sup>2</sup>[1963]): "Semantic Universals", en J. H. Greenberg (ed.), *Universals of Language*. Cambridge / Massachusetts / London: M.I.T. Press, 217-262.
- Wotjak, G. (1985): "Algunas observaciones acerca del significado de expresiones idiomáticas verbales en el español actual", *Anuario de Lingüística Hispánica* 1, 213-225.
- Wotjak, G. (1988): "Uso y abuso de unidades fraseológicas", en *Homenaje a Alonso Zamora Vicente*, vol. I. Madrid: Castalia, 535-548.